

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DUN SERVIZO CONSISTENTE NA REALIZACIÓN DUN CATÁLOGO DE SOLUCIÓNS XENÉRICAS DE DESEÑO URBANO “GUD-LUGO” DO PROXECTO LIFE14CCA/ES/000489 LUGO+BIODINÁMICO “PLANIFICACIÓN DUN BARRIO MULTIECOLÓXICO COMO MODELO DE RESIDENCIA URBANA” ACCIÓN C1 “CATÁLOGO DE SOLUCIÓNS DE DESEÑO URBANO “GUD-Lugo”, COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA MEDIANTE O INSTRUMENTO FINANCIERO LIFE 2014-2020. EXPDTE REF. 5-2018. ACTA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

Sendo as 13:00 horas do día 5 de abril de 2018, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei, Xefe do Servizo de contratación, patrimonio e fomento, e actuando como vocais:

- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Municipal.
- dona Susana Penedo, Técnico do servizo de urbanismo.
- dona María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo actuando en substitución do Asesor Xurídico.
- dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de contratación actuando como Secretaria da mesa.

Procédese por parte do Presidente á lectura do informe do Negociado de rexistro de data 26.03.2018 onde se fai constar que a dito procedemento se presentaron dúas plicas, a da empresa QUADRADO VERDE, S.L. e JESÚS ANGEL MARTÍNEZ ESPÍNEIRA.

Seguidamente procédese á apertura do sobre A (documentación administrativa), aportando a seguinte documentación:

1) QUADRADO VERDE, S.L., presenta a seguinte documentación:

- . Anexo IV de declaración responsable de cumprimento das obrigas legais e contractualmente establecidas para poder contratar co Concello de Lugo.
- . Anexo V de declaración responsable relativa á obriga de ter traballadores con discapacidade en plantilla.
- . Anexo VI de compromiso de adscrición de medios persoais.

2) JESÚS ANGEL MARTÍNEZ ESPÍNEIRA, presenta a seguinte documentación:

- . Anexo IV de declaración responsable de cumprimento das obrigas legais e contractualmente establecidas para poder contratar co Concello de Lugo.

. Anexo VI de compromiso de adscripción de medios persoais.

Sendo a documentación das dúas empresas correcta e polo tanto admitidas á licitación referida e sen máis que manifestar, conclúese co asunto ás 13:10 horas, no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE,

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei.



A SECRETARIA,

Asdo.: Ana Tabarés Martínez

